

# VIEIROS

Edición xeral

## **Cambados acolle outra charla sobre Plácido Castro**

Continuando coas actividades programadas pola Fundación Plácido Castro para conmemorar o centenario do nacemento deste intelectual galeguista, o 19 de abril celébrase en Cambados unha nova conferencia a cargo do crítico literario Vicente Araguas, que falará da faceta de tradutor de Plácido Castro.

- 07:55 18/04/2002

Vicente Araguas é profesor, articulista e tradutor, e comparte co autor de Corcubión a súa afección polo teatro. Estará en Exposalnés, a partir das 20.00 horas, para afondar nos estreitos vínculos de Plácido Castro co mundo da tradución.

Ademais do Rubbayát de Omar Khayyám, a partir da versión inglesa de Fitzgerald, Plácido Castro traduciu a numerosos poetas británicos e de inspiración celta, especialmente irlandesa. De Burns a Yeats ou Christina Rosseti, Plácido evidenciou precursoramente a importancia da tradución ó galego de textos universais.

A coidada selección de autores e de obras plasma ademais a enorme sensibilidade poética deste autor, do que aínda se conservan obras por publicar, tarefa que pretende acometer próximamente a Fundación que leva o seu nome.